



## ¿REPASAMOS OS ARTIGOS E OS POSESIVOS? 😊

Os **determinantes** son palabras que acompañan ao substantivo, non teñen significado de por si e serven para presentalos. Concordan co substantivo en xénero e número. Existen varias **clases de determinantes**: *artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos*.

Os **artigos** sempre van diante do substantivo e serven para concretalo ou determinalo. Poden ser **determinados** (acompañan substantivos que nomean persoas, animais e cousas coñecidos) ou **indeterminados** (acompañan substantivos que nomean persoas, animais e cousas non coñecidos).

	Singular		Plural	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
<b>Artigos determinados</b>	o	a	os	as
<b>Artigos indeterminados</b>	un	unha	uns	unhas

\*\* Los artículos en castellano.

	Singular		Plural	
	Masculino	Femenino	Masculino	Femenino
<b>Artículos determinados</b>	el	la	los	las
<b>Artículos indeterminados</b>	un	una	unos	unas

## ➤ Rodea os artigos e subliña os substantivos.

A árbore de María

As aventuras de verán

A xirafa e o rinoceronte

Unha amiga de Ramón

Uns dentes de allo

Un abrigo marrón

Os rapaces de Monforte

As casas de cor azul

## ➤ Completa con artigos determinados e indeterminados segundo se indica.

Persoas, animais e cousas coñecidas		Persoas, animais e cousas non coñecidas	
___ patines	___ cordas	___ buxainas	___ trineos
___ raqueta	___ balón	___ monopatín	___ bicicleta

Os **posesivos** indican a quen pertence o ser ou obxecto designado polo nome que acompañan.

En galego, os posesivos adoitan levar diante o artigo determinante correspondente. Por exemplo: *a miña boneca*

<b>Singular</b>	<b>Masculino</b>	meu, teu, seu, nosos, voso, seu
	<b>Feminino</b>	miña, túa, súa, nosa, vosa, súa
<b>Plural</b>	<b>Masculino</b>	meus, teus, seus, nosos, vosos, seus
	<b>Feminino</b>	miñas, túas, súas, nosas, vosas, súas

**\*\*Los posesivos en castellano** presentan formas átonas (van despois do sustantivo) e tónicas (van antes do sustantivo e intensifican a idea de posesión).

<b>Antes del sustantivo</b> (Det. posesivos átonos)		<b>Después del sustantivo</b> (Det. posesivos tónicos)	
<b>Singular</b>	<b>Plural</b>	<b>Singular</b>	<b>Plural</b>
mi	mis	mío/a	míos/as
tu	tus	tuyo/a	tuyos/as
tu	sus	suyo/a	suyos/as
nuestro/a	nuestros/as	nuestro/a	nuestros/as
vuestro/a	vuestros/as	vuestro/a	vuestros/as
su	sus	suyo/a	suyos/as

➤ **Completa estas oracións con posesivos.**

O \_\_\_\_\_ equipo xogará nas instalacións do \_\_\_\_\_ colexio.

Os \_\_\_\_\_ primos veranean no \_\_\_\_\_ pobo.

➤ **Transforma estas oracións coma no exemplo.**

Esta é a miña bufanda. → A bufanda é miña.

Este é o teu caderno. → \_\_\_\_\_

Estes son os teus guantes. → \_\_\_\_\_

Estas son as vosas ceras. → \_\_\_\_\_